

Secretaría Xeral de IIPP
Convenio coa UNED

Despois de manifestar no informe Desfavorable que se remitiu o INAP, sobre o plan Plan de formación da SGIP, o noso parecer da dudosa necesidade na formación dos empregados penitenciarios, dos cursos de experto/master da Uned o sabado dia 5 de xuño publicase no Boe un Convenio para a realización de actividades de formación permanente do persoal o servizo da Administración Penitenciaria.

Este sindicato aposta e defende unha formación dos traballadores gratuita e a cargo do empregador. O interese da SGIP de sacar adiante estes cursos da Uned , en contra da opinión dos representantes dos traballadores, non parece ter xustificación algunha o non ser que sexa o “sobrepagar” a certo persoal da Secretaría Xeral a conta dos gastos en matricula dos seus traballadores.

O sindicato CIG vai defender, na Comisión de Seguimento do acordo de Baremo, que non se puntue esta formación ou que si se puntua sexa como formación nos meritos xerais o igual que calquer outro curso impartido.

Galiza a 7 de xuño 2021